

Concello de Outes

Expediente núm.: 255/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Contratación de persoal temporal no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2022 (PEL-CONCELLOS)

Data de iniciación: 31/03/2022

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO

En Outes, a 1 de xuño de 2022.

Reunidos na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 1 de xuño de 2022, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de catro prazas de operarios de servizos múltiples, no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2022 (PEL-CONCELLOS), os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. Andrés Busto Allo
Secretaria	D ^a Juana Pedrosa Leis
Vogal	D ^a Berta Buján Casanova
Vogal	D. José María García Moas
Vogal	D. Manuel Rama Dosil
Asesora do tribunal	D ^a Irene Espasandín Bermúdez

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2022-0245 de data 27/05/2022. Para elo procédese a:

1) Realizar e avaliar o primeiro exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base 7.B.1) da convocatoria.

Os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo. Non se presentaron os aspirantes Domínguez Barreiro María Luisa; Domínguez Silva, Abilio Ventura; García Dieste, Josefa e Lago Rodríguez, José Manuel. Ditos aspirantes quedan excluídos do proceso de selección atendendo á base 7.B.1) da convocatoria onde di “.PROBA TEÓRICA (de carácter obrigatorio e eliminatorio”

Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, os aspirantes procederon á realización da mesma.

Concello de Outes

Atendendo ás respostas correctas das 20 preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición (xúntase como Anexo a esta Acta a proba presentada aos aspirantes coas respostas correctas sombreadas en vermello); a cualificación do primeiro exercicio é a seguinte:

Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
1. Castro Núñez, Domingo	7,50
2. Fernández Rodríguez, Javier	6,50
3. Formoso Castro, José Antonio	7,50
4. Gallardo Sanmartín, Jesús Eduardo	9,00
5. García Novo, María Pilar	9,50
6. Lado Martínez, María Dolores	8,50
7. Leis Arcos, José Benedicto	7,50
8. Lestón Cernadas, Olalla	7,50
9. Lestón Otero, Santiago	8,00
10. Martínez Antelo, Fernando	4,50
11. Miranda Brea, Alejandro	8,50
12. Rama Mato, Aleixo Salomón	9,00
13. Rey Nieto, José Luis	6,00
14. Rodríguez Robles, José Luis	7,00
15. Rúa Nieto, José Antonio	7,50
16. Silva Rodríguez, Divina	8,00
17. Villar Batalla, Brais	8,00

Segundo a base 7.B.1) da convocatoria onde se di "...Valorarase con 10 puntos e será preciso obter 5 puntos para considerarse superado...." aqueles aspirantes que non acadaron 5 puntos na cualificación do primeiro exercicio quedan eliminados do proceso de selección.

2) Establecese un prazo de reclamacións dende a data de publicación desta acta ata o luns 6 de xuño, ás 14:00 horas.

3) Convócase aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición para a **realización do segundo exercicio** da fase de oposición que consistirá na realización **suposto práctico** tal e como se sinala na base 7.B.2) da convocatoria. Dita proba terá lugar o vindeiro **martes 7 de xuño, ás 10:00 horas na Casa de Cultura** do Concello de Outes.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 11.00 horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:

Concello de Outes

ANEXO

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Instrucións:

- O cuestionario consta de 20 preguntas tipo test e 3 de reserva para o suposto de impugnación dalgunha das 20 preguntas. **Cada pregunta só ten unha resposta correcta.**
- O tempo do que se dispón para a realización do cuestionario é de **30 minutos.**
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) **NON penalizan.**
- O cuestionario deberase cubrir marcando un X no cadro da resposta que considere correcta. De haber varias respostas con X nunha mesma pregunta, considérase errónea para todos os efectos.
- Se a persoa candidata marca X inicialmente nun recadro e posteriormente altera a súa opción dentro dunha mesma pregunta, deberá facer un círculo arredor do X co fin de indicar que esa é a resposta correcta.

CUESTIONARIO

1.- **En carpintaría a cola branca aplícase:**

- Fría**
- Quente
- Temperada

2.- **A "plomada" emprégase para:**

- Comprobar a profundidade dun traballo
- Comprobar a resistencia dun traballo
- Comprobar a verticalidade dun traballo**

3.- **A que corresponde a proporción 1:3:5 nun formigón convencional?**

- 1 parte de cemento, 3 de area e 5 de grava.**
- 1 parte de area, 3 de cemento e 5 de grava.
- 1 parte de grava, 3 de area e 5 cemento.

Concello de Outes

4.- **Cantas baldosas de 50 cm x 50 cm se precisan para cubrir un metro cadrado de solo?**

- 1 unidade
- 2 unidades
- 4 unidades**

5.- **Se estamos a realizar unha reparación na beirarrúa, sen afectar á calzada:**

- Non é necesario sinalizar as obras, debido a que non afecta á calzada
- Deberá sinalizarse en función de se a rúa é ou non peonil
- Deberá sinalizarse sempre**

6.- **Cal dos seguintes elementos é un equipo de protección individual?**

- Unhas luvas**
- Un martelo
- Unha manguera

7.- **Por que se realiza a poda?**

- Para que a planta creza máis
- Para guiar a planta e darlle forma á copa
- Para guiar a planta, manter a súa saúde e aumentar a calidade das súas flores e froitos**

8.- **Cal das seguintes ferramentas **NON** se utiliza en carpintaría?**

- Un serrón
- Unha lixadora
- Unha paleta**

9.- **O formigón é unha mistura de cemento, area, grava e...?**

- Xeso
- Cal
- Auga**

10.- **Como se chaman as árbores que teñen folla durante todo o ano?**

- Perpetuas
- Continuas
- Perennes**

11.- **Para cortar pólas de menos de 5 cm, por norma xeral, empregaremos:**

- Tesoiras de podar**
- Unha coitela

Concello de Outes

Un serrón

12.- **O labor de rozar consiste en...**

Abonar a maleza dun terreo

Queimar a maleza e matorrais dun terreo

Eliminar dun terreo as malas herbas, maleza, matogueira, etc

13.- **A que parroquia do concello de Outes pertence o lugar de Outón?**

Valadares

Roo (San Xoán)

Outes

14.- **Como se debe subir e baixar dunha escaleira de man?**

Mirando de fronte á escaleira

Sen mirar ao chan

De costas á escaleira

15.- **Como se chama a canle aberta nunha parede para meter tubaxes, cables, etc?**

Xunta

Roza

Fisura

16.- **A Ponte do Ruso que río cruza?**

Río Donas

Río Tins

Río Tambre

17.- **Un metro a cantos centímetros equivale?**

1000 cm

10 cm

100 cm

18.- **Cantas parroquias ten o municipio de Outes?**

10

8

9

19.- **A apertura máxima dunha escaleira de tesoira é de:**

30 graos

45 graos

60 graos

20.- **Cal dos seguintes elementos **NON** pertence á protección colectiva?**

- Barreiras de protección acústica
- Sinalizacións e indicativos
- Lentes de protección**

PREGUNTAS DE RESERVA:

1) Para levantamento de cargas a posición correcta é:

- Aquela que permita levantar a carga
- Dobrar as pernas mantendo o lombo recto e o queixo metido**
- Estirando moito os brazos

2) Nun lugar de traballo:

- A superficie de traballo debe ser estable e lisa
- As vías de circulación, saídas e zonas de paso deben de estar libres de obstáculos
- As dúas respostas anteriores son correctas**

3) Un EPI é:

- Un Equipo de Protección Individual**
- Unha ferramenta de albanelaría
- Unha ferramenta de xardinaría